



O Real Decreto 1497/87 establece que para a obtención dun título de licenciado ou de enxeñeiro, requirírase superar alomenos 300 créditos, deixando a salvo as peculiaridades de Medicina e Arquitectura.

Nos supostos de que os alumnos, por causa do seu itinerario curricular, non se encontraran en condicións de acreditar ter superados os 300 créditos, as universidades deberán esixirille que realicen os contidos formativos necesarios para alcanzar a citada cifra.

Verbo dos alumnos que teñan realizado todo o itinerario curricular consonte a planos de estudio renovados, é perfectamente determinable o número de créditos realizado ó longo dos seus estudos. Non así respecto dos alumnos que parte do seu itinerario curricular fixérono conforme a planos de estudio non renovados.

Dada a dificultade para determinar o número de créditos de titulacións de primeiro ciclo ou de primeiros ciclos cursados conforme a planos de estudio non renovados, e para a expedición do título, é preciso presumir que os alumnos que realicen unha titulación de segundo ciclo, ou accedan a segundos ciclos por ter unha titulación ou un primeiro ciclo habilitante, pero que este cursado conforme a planos non renovados, cumpren os requisitos mínimos esixidos polo citado Real Decreto 1497/87.

Por todo o exposto este Rectorado resolveu:

ÚNICO.- Unha vez que o alumno remate os estudos do segundo ciclo presunírase en todo caso que acadará os créditos necesarios para obter o título de licenciado ou enxeñeiro no suposto de que accedera directamente ó segundo ciclo acreditando un título de primeiro ciclo ou un primeiro ciclo consonte planos de estudio non renovados.

Non obstante, se se validaran materias do segundo ciclo por telas cursado no primeiro ciclo, o alumno deberán cursar tantos créditos complementarios en materias optativas do segundo ciclo como créditos lle foran validados. De non ter créditos optativos suficientes o centro determinará as materias complementarias que deberá cursar.

Santiago de Compostela, 14 de novembro de 1996

O RECTOR

María Villanueva Prieto

- SR. SECRETARIO XERAL - SR. VICERRECTOR DE ORDENACIÓN ACADÉMICA E  
TITULACIÓNS - SRES./AS. DECANOS/AS E DIRECTORES/AS. - SR. XEFE DO SERVIZO DE  
ALUMNADO - SR. DIRECTOR DO COIE - SR. XEFE DOS SERVIZOS INFORMÁTICOS -  
SRES./A XEFES /A DAS UXAS.